

Anatomía Aplicada Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

En cada un dos tres trimestres realizaranse un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas probas representará o 60% da nota da avaliación.

O 40% restante obterase da corrección de exercicios e tarefas de aula, proxectos de investigación e informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

O redondeo da nota será cara abaixo cando a cualificación teña decimais inferiores a .6 e cara arriba cando a cualificación teña decimais igual ou superiores a .6.

CONSIDERACIÓNS

As faltas de asistencia aos exames que non estean debidamente xustificadas, xera a perda do dereito á realización de dito exame e computa como un cero..

O primeiro día da reincorporación ás clases presentarase dito xustificante e realizarase a proba.

Non estará permitido portar o teléfono móbil durante a realización dun exame nin material didáctico, tipo apuntamentos, o libro, anotacións,... se adxudicará un cero a dito exame. Do mesmo modo a comunicación entre alumnos durante a realización dun exame orixinará a súa anulación. En caso de fraude o alumn@ deberá demostrar os seus coñecemento de maneira oral coa profesora nun recreo previa cita.

Criterios de recuperación:

Non se realizara unha proba de recuperación por cada avaliación suspensa. A avaliación é continua. De non superar a materia o final de curso levarase a cabo un exame de xuño global ao que poderá presentarse todo o alumnado para subir nota. En ningún caso este examen baixará a nota optida por avaliación continúa.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria no mes de xuño.

A cualificación nesta convocatoria será 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

No caso de decimais na cualificación final ordinaria ou extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).